

Retómanse as negociacións do convenio de consultoría cun sector farto do inmovilismo da AEC



Convenio de Consultorías
Próxima reunión o 22/09/2022

Propostas de **CCOO**:

- Sistema de **clasificación profesional** que reflicte a realidade do sector.
- Regulación do **teletraballo**.
- Incremento das **táboas salariais**.
- Redución da **xornada anual**.

tic@servicios.ccoo.es www.ccoo-servicios.es/tic/ www.ccoo.es/Afiliate

CCOO
servicios

O vindeiro 22 de setembro reunímonos de novo coa AEC, patronal do sector, para retomarmos a negociación do convenio de consultoría.

Velaquí o escenario actual: un convenio caducado desde 2019, unha patronal inamovible que propón xornadas de 12 horas de traballo diario, salarios que rozan o SMI, supresión do complemento de antigüidade ou regulación do horario de servizo (cambios de xornada ao antollo do cliente), entre outros, e que xa deixamos claro que

NON IMOS ACEPTALO BAIXO NINGÚN CONCEPTO!

A isto súmase a conxuntura económica actual, cunha inflación desbocada que levou en paralelo o sindicato a esixir unha suba de salarios xeneralizada que permita manter o poder adquisitivo das familias.

O que nós imos pedir:

- Unha **clasificación profesional ben acoutada e definida**, na que quede ben claro a que categoría pertence cada traballador/a.
- Unhas **táboas salariais** acordos coa formación do seu persoal e coa responsabilidade das súas funcións, **que teñan en conta a inflación actual**.
- Un **aumento do complemento de quilometraxe** para axustalo ao custo do combustible.
- Unha **redución** das **1800 horas** de traballo anual.

En definitiva, un convenio que reflicta a realidade do sector.

Desde logo, podemos asegurar que, de non vermos un talante renovado e negociador por parte da AEC, avenciñase un outono quente e con mobilizacións inmediatas.

DESTA VOLTA VANNOS ESCOITAR

Comunicado TIC



20 de setembro de 2022

Lembra que podes seguir contribuíndo a que retiren a súa proposta asinando esta petición en "Change.org" <https://bit.ly/NOPrecaryTIC>, apúntaste?

E non esquezas dar máxima difusión en redes sociais #ConvenioTICdigno #NoPrecaryTIC

CCOO É O TEU SINDICATO, AGORA MÁIS CA NUNCA. [AFÍLIATE!](#)